

AXUDAS PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN COLABORATIVAS DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA OCEANOGRAFÍA-ECIMAT (2015)

DESTINATARIOS E OBXECTO DAS AXUDAS

As axudas van destinadas a financiar o desenvolvemento de calquera actividade colaborativa transversal, de interese común na que participen alo menos 3 grupos de investigación da Agrupación Estratéxica Oceanografía-ECIMAT (Ver ANEXO 1 Listado Actualizado dos Grupos da Agrupación Océano-Ecimat). O principal obxectivo destas axudas é o de contribuir ao fortalecemento das actividades de investigación da Agrupación, fomentando a colaboración interdisciplinar entre os seus membros.

PARTIDA ORZAMENTARIA

As axudas imputaranse con cargo aos orzamentos da Agrupación do 2015. O orzamento total asignado é de 40.000 €. A axuda deberá ser executada antes do 10 de novembro de 2015.

SOLICITANTES

Grupos de Investigación pertencentes á Agrupación Estratéxica Oceanografía-ECIMAT.

FORMALIZACIÓN

As solicitudes cumprimentaranse no formulario dispoñible no seguinte enlace,

<https://www.dropbox.com/s/2rfljbhqm8hexv4/FormularioProxColabAEOE2015.docx?dl=0>

O prazo **rematará** o vindeiro 10 de febreiro de 2015.

No formulario debe incluírse unha memoria explicativa da actividade proposta, cunha extensión máxima de 5 páxinas que conterá básicamente os seguintes aspectos:

- Actividades a desenvolver e obxectivos cuantificables de ditas actividades. As actividades deben estar desglosadas por participante e os obxectivos marcados deben ser fácilmente medibles.
- Cronograma
- Orzamento detallado nas seguintes partidas:

Reparación e Conservación de Mobiliario e Equipamento (Reparacións de equipos inventariados)
Gastos diversos (Mat funxible, Asistencias Técnicas, Inscripcións a Congresos, Probas Analíticas)
Axudas de Custe e Locomoción (Dietas, hotels, billetes de transporte)
Persoal

Nota*: O orzamento non poderá ser modificado durante o transcurso do proxecto.

A solicitude debe ir asinada por todos os investigadores senior que participen, e debe identificar ao investigador que actuará como coordinador da actividade o cal deberá pertencer á Universidade de Vigo. Cada grupo poderá apoiar un máximo de dúas solicitudes nas que os consorcios non poden coincidir e as temáticas deben ser diferentes, podendo cada investigador individual participar nunha única solicitude.

Unha vez presentadas as solicitudes, pedirase aos IPs dos grupos da agrupación que participen en algunha solicitude que indiquen a priorización dos proxectos apoiados polo seu grupo (en caso de apoiar a unha única solicitude darase automaticamente a máxima prioridade a esa solicitude).

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

Para a selección das actividades financiadas pedirase aos Ips dos grupos de Investigación da agrupación que participen en algunha solicitude que prioricen as solicitudes do seu grupo. Financiaranse un máximo de 4 solicitudes, en caso de presentarse máis de catro solicitudes que cumpran con os requisitos da convocatoria, se terá en conta a priorización feita polos IPs da agrupación segundo o seguinte baremo

Primeira prioridade 2 puntos

Segunda prioridade 1 punto

Para fomentar a internacionalización darase 1 punto extra a aquelas solicitudes nas que participe un ou máis grupos de investigación de fora de España.

En caso de que se produza un empate que impida seleccionar 4 propostas, entre as empatadas en 4º lugar darase prioridade a aquelas apoiadas por grupos que participen nunha única proposta segundo o seguinte baremo

Participación de grupos que apoien unha única solicitude 3 puntos

Participación de grupos que apoian 2 solicitudes 1 punto

En caso de que persista un empate que impida seleccionar 4 propostas, entre as empatadas en 4º lugar darase prioridade a solicitude na que participen máis grupos da agrupación.

Si tras a aplicación de todas estas medidas non fora posible seleccionar 4 propostas, se ampliará o número de proxectos financiados incluíndo a todos aqueles que empaten con a cuarta clasificada, dividindo o crédito disponible entre as propostas finalmente aprobadas.

Para a renovación das axudas na vindeira convocatoria recurrirase ao Comité Asesor Internacional para realizar unha avaliación das actividades realizadas na primeira anualidade en función do grado de consecución dos obxectivos marcados na solicitude e da **participación activa de todos os grupos** que inicialmente participaron na solicitude.

OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Os beneficiarios destas axudas deberán presentar unha memoria antes do 20 de novembro de 2015 (o 30 de novembro de 2015 deberase presentar á xerencia a memoria de actividades da Agrupación) na que se detalle o grado de consecución dos obxectivos marcados. Para fomentar actividades colaborativas de calidade, na memoria deberá incluírse unha descrición exhaustiva do traballo levado a cabo por cada un dos participantes no proxecto.

Para calquera comunicación relativa ás actividades financiadas pola presente convocatoria, os beneficiarios deberán axustarse ao establecido na guía de comunicación científica que se pode descargar en:

<https://www.dropbox.com/s/jyjyl2azxtjomet/Gu%C3%ADa%20de%20comunicaci%C3%B3n%20para%20investigadores%20da%20ECIMATb.docx?dl=0>

Os modelos descritos na guía non poderán ser modificados no seu deseño. Quedando reservada a banda inferior para inserir os logos de outras institucións colaboradoras. En caso de que para calquera fin se requira un formato determinado que non se axuste ao establecido nestas normas, os investigadores interesados deberán contactar con ecimat@ecimat.org para solicitar a preparación dun modelo axustado.

ANEXO 1: Listado de Grupos de Investigación de la Agrupación Estratégica Océano-Ecimat (Suxi decembro 2014)

GRUPO	NOMBRE	COORDINADOR/A
XB2	Xenética de poboacións e citoxenética	ARMANDO CABALLERO RÚA
XB4	REXENMAR: Recursos Xenéticos Mariños	PABLO PRESA MARTÍNEZ
CM1	Reproducción de moluscos bivalvos: metabolismo, patoloxías, detoxificación.	MARIA FUENCISLA SAN JUAN SERRANO
EZ1	ECOLOXIA E ZOOLOXIA	CELIA OLABARRIA UZQUIANO
OB	Oceanografía Biolóxica	EMILIO MANUEL FERNANDEZ SUAREZ
XM1	OCEANOGRAFIA XEOLOXICA E BIOXEOQUIMICA	MIGUEL ANGEL NOMBELA CASTAÑO
XM2	XEOLOXÍA MARIÑA E AMBIENTAL	FEDERICO EUGENIO VILAS MARTIN
XM3	ANÁLISE DE CONCAS SEDIMENTARIAS	MARIA SOLEDAD GARCIA GIL
FT1	Física da terra	GABRIEL ROSON PORTO
FA9	EphysLab	RAMON GOMEZ GESTEIRA
FB2	Fisioloxía de peixes	JOSE LUIS SOENGAS FERNANDEZ
MB4	Microbioloxía 4	MARIA TERESA PEREZ NIETO
BA2	Bioloxía do solo e biotecnoloxía ambiental	ALBERTO VELANDO RODRÍGUEZ

Da mesma forma que en anteriores convocatorias, o Grupo de Investigación de Patoloxía de Organismos Mariños da Universitat Autònoma de Barcelona computa como membro da Agrupación